COMISIÓN DE CONTROL

En relación coa renovación dos membros da Comisión de Control, e en concreto coa proposta remitida recentemente pola Xunta de Persoal, desde esta presidencia e secretaria da Comisión de Control, remitiuse un informe con data do 23 de agosto de 2019, onde se poñía de manifesto o seguinte:

> En relación co seu escrito do 2 de agosto de 2019 polo que comunica o nomeamento pola Xunta de Persoal de membros da comisión de control do plan de pensións, e á vista da solicitude do portavoz da sección sindical de CCOO na Deputación, no que alega que o acordo da Xunta de Persoal non se axusta á normativa que regula o plan de pensións, poño no seu coñecemento que o artigo 38.2 das Especificacións do plan de pensións "Persoal da Excma. Deputación provincial da Coruña, plan de pensións", actualmente vixentes, establece que "Os representantes dos partícipes na Comisión de Control e na Comisión Promotora do Plan serán elixidos polos órganos de representación do persoal da Deputación Provincial (Xunta de Persoal e Comité de Empresa), garantíndose a presenza dos cinco sindicatos máis votados nas eleccións aos citados órganos", polo que os acordos que adopte a Xunta de Persoal nesta materia deberán axustarse a este precepto.
> As citadas Especificacións foron aprobadas pola Comisión de Control do Plan e polo Pleno da Corporación e no que respecta o artigo 38 mantense a redacción inicial, sen que fose modificado desde o ano 2003 no que se promoveu o plan de pensións.

Posteriormente solicitouse informe á entidade xestora ABANCA SEGUROS sobre as consecuencias da non renovación da Comisión de Control do Plan e Fondo de Pensións, remitindo a xestora a resposta da súa asesoría xurídica, cuxo correo se transcribe literalmente:

"Os comentarios da nosa Asesoría Xurídica van en liña ao suposto que vos comentaba.

O artigo 24.1.b do Regulamento de Plans e Fondos de pensións establece como causa de terminación do plan "A paralización da súa comisión de control nos plans de emprego e asociados, de modo que resulte imposible o seu funcionamento. Entenderase que concorre esta causa no suposto de imposibilidade manifesta de adoptar acordos imprescindibles para o desenvolvemento efectivo do plan, de modo que se paralice ou imposibilite o seu funcionamento."

A falta de renovación dos membros dunha comisión de control dun plan de pensións xera dificultades, incluso a imposibilidade de tomar acordos. Cando se trata dun plan integrado nun fondo uniplan (como é o caso da Deputación da Coruña en ABANCA Xubilación VII), ademais, provoca as mesmas dificultades a nivel comisión de control do fondo, en especial, aprobación de contas anuais e modificacións nas políticas de investimento, e a nivel plan a aprobación das revisións financeiro actuariais, entre outros.
Cuestións como a imposibilidade de aprobar as contas anuais do fondo ou a non realización da revisión financeiro actuarial trianual do plan pode ocasionar problemas de tipo legal e contable que comporten a unha intervención da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.
Desta intervención do supervisor pode derivar a terminación administrativa do lan de pensións.

En relación a isto e, por ter un exemplo real, un dos plans que xestionabamos de orixe Caixanova cuxo promotor se dedicaba á distribución de cervexa, está en proceso de terminación en base á falta de

funcionamento da súa comisión de control. Neste caso non só había problemas coa comisión de control senón que non tiñamos contacto algún cos seus membros. Mandamos cartas certificadas, mandamos a xente de oficina a preguntar (estaban en Madrid) pero nada. Non puidemos facer a revisión financeiro actuarial nin ningunha reunión anual do plan desde 2014. Ao final tivemos que pedir a terminación administrativa do mesmo. Este caso é extremo e non tiña outro final posible.

No voso caso, como comentaba, non estamos na mesma situación e estou convencido de que chegaredes a un acordo pronto (sexa que a representación dos traballadores se axuste ás especificacións ou, si non hai axuste, actualización das mesmas).”

Á vista da resposta da Asesoría Xurídica da entidade xestora, esta presidencia e secretaría da Comisión e Control, dentro do maior respecto á liberdade sindical e a lexítima defensa dos dereitos dos traballadores, consideran que é preciso desbloquear esta situación e evitar o prexuízo que supón a paralización ou extinción da Comisión de Control e consiguientemente do Plan de Pensións.

Por iso solicítase adóptese o correspondente acordo por parte da Xunta de Persoal que se axuste ás especificacións do Plan.

Esperando como sempre tivo esta Comisión de Control a colaboración da Xunta de Persoal, e a adopción deste acordo que beneficiará a todo o colectivo ao que representan.

Reciban de antemán o noso agradecemento, poñéndonos ao dispor da Xunta de Persoal no que podamos ser de utilidade nesta cuestión.

Na Coruña, a 18 de setembro de 2019.

El Presidente de la Comisión de Control,

Luis Jaime Rodríguez Fernández

El Secretario de la Comisión de Control,

Carlos Hervella Couceiro